

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE NOSA SRA DA ASUNCIÓN
CURSO: 4º EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: ÁREAS COÑECEMENTO EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 12-05-2020

ÍNDICE

- 1. Contidos e criterios de avaliación.**
- 2. Avaliación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**
- 4. Información e publicidade.**

Contidos:	Criterios de avaliación
Posturas do corpo e control de movementos.	Globalmente móvese con axilidade.
Identificación das propias necesidades básicas.	Recoñece as necesidades básicas do corpo.
Coordinación ollo-man.	Presenta unha boa motricidade fina
Autonomía persoal.	Actúa autónomamente
Propiedades dos obxectos.	Identifica os obxectos según as súas propiedades: Cor, forma, tamaño...
Os números..	Identifica e asocia e traza os números traballados.
Seriacións lóxicas.	Realiza series de dous elementos.
Formas xeométricas: Triángulo, cadrado e círculo.	Identifica e traza as distintas formas xeométricas.
Interese e respecto polos seres vivos e a natureza.	Identifica algunha característica e función vital dos seres vivos.
As estacións e as súas características.	Descubre cambios e cualidades das distintas estacións.
Expresión oral.	Ten un vocabulario axeitado para a súa idade
Escoita activa na lectura e narracións orais.	Comprende o contido de contos, poemas, adiviñas...
As vogais.	Discrimina e traza as vogais traballadas.
Realización de trazos para reforzar a grafomotricidade.	Realiza os distintos trazos propostos.
Xogos e actividades interactivas.	Amosa interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC
O debuxo, medio de expresión.	Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de vivencias, sentimentos...
Técnicas de expresión plástica.	Emprega as diferentes técnicas plásticas.
Expresión corporal e o movemento.	Participa con interese en actividades de expresión corporal.
Lingua estranxeira	Participa positivamente nas actividades da clase de inglés.
Expresión religiosa	Amosa interese por participar en actividades de colaboración cos compañeiros e compañeiras.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: CPR PLURILINGÜE NOSA SRA DA ASUNCIÓN CURSO: 4º EDUCACIÓN INFANTIL MATERIA: GLOBALIZADO
---	---------------	--

Avaliación e cualificación

Procedementos e Instrumentos de avaliación

Realizar unha avaliación individualizada e global, continua e formativa implica empregar diversidade de procedementos, instrumentos e situacións de avaliación, de xeito que poidamos axustarnos ás diferentes características dos nenos e contido educativo.

Terase en conta para a avaliación trimestral a evolución do primeiro e segundo trimestre.

O principal instrumento de avaliación é mediante a relación coas familias a través do intercambio de actividades con estas. As canles que facilitan a comunicación son a plataforma de Abalar, o blog de Educación Infantil do colexio, a plataforma propia do método que empregan os nenos da editorial SM, e un correo electrónico que lles foi facilitado, para además de resolver todo tipo de dúbidas coas que se atopen, poidan estar en contacto con nós permanentemente.

As familias, de xeito voluntario, envían diferentes tipos de arquivos para que podamos valorar a evolución dos nenos e nenas (vídeos, fotos...). Deste xeito, nós, na medida do posible, podemos comprobar que os nenos seguen as rutinas e os hábitos do colexio e continúan o traballo e reforzo desde casa.

Metodoloxía e actividades e materiais do 3º trimestre	
Actividades	Realizáronse actividades fundamentalmente de carácter lúdico e voluntario co obxectivo de reforzar os contidos que se foron introducindo ao longo do curso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades propostas son variadas e a maioría delas estarán baseadas no xogo, que é a principal actividade dos nenos/as nestas idades. O obxectivo deste xeito de traballo, é que a totalidade do alumnado poida seguir reforzando os conceptos aínda que non conte cos medios tecnolóxicos axeitados. Un dispositivo móbil, é suficiente para poder conseguir a comunicación coa titora e facer un seguimento das distintas actividades propostas. A plataforma de SM, que conta diferentes recursos de carácter interactivo e que facilita o achegamento dos recursos de elaboración propia do profesorado, conta cunha APP para instalar nos distintos dispositivos.
Materiais e recursos	Todas as actividades que propoñemos ás familias, son orientativas e susceptibles de cambios, posto que hai que ter en conta os materiais dos que as familias dispoñen nas súas casas. Polo tanto, procuramos que sexan actividades sinxelas, doadas de realizar, e que se poidan levar a cabo con calquera material do que eles dispoñan, ademais de todas as actividades interactivas que se lles proponen, que como xa se dixo anteriormente, só é necesario un dispositivo móbil. Os recursos empregados, son videos, fichas de reforzo, cancións, contos, xogos....

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Os alumnos e as súas familias serán informados en primeiro lugar empregando a plataforma abalarmobil. Tamén se empregará para informar, os distintos blogs do colexio e os correos electrónicos dos profesores.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CPR. PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DA ASUNCIÓN
CURSO:5º CURSO EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMIA PERSOAL.
COÑECEMENTO DO CONTORNO. LINGUAXES: COMUNICACIÓN E
REPRESENTACIÓN

DATA:12-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Contidos e criterios das distintas Áreas globalizadas de Educación Infantil .**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Contidos e criterios das distintas Áreas globalizadas de Educación Infantil

Contidos	Criterio de avaliación
Autonomía a través das súas accións	-Realiza as actividades básicas do seu entorno con maior autonomía.
Recoñece as emocións	-Distingue e expresa diferentes emocións que regulan o seu comportamento.
Características do seu contorno	-Observa e identifica elementos e espazos do medio socio-natural.
Os fenómenos naturais	-Identifica os cambios naturais pola chegada das estacións.
Cualidades dos obxectos	-Identifica os obxectos polas súas propiedades.
Figuras xeométricas	-Discrimina e traza as formas xeométricas.
Relacións espazo-temporais	-Diferencia as medidas espazo-temporais.
Os números	-Recoñece, asocia, traza e descompón os números traballados .
Coñece os ordinais	-Identifica e ordeña secuencialmente.
Operacións numéricas sinxelas	-Iniciase na suma.
A serie	-Realiza series con criterio.
Grafomotricidad	-Ten unha boa motricidad.
O trazo	-Realiza control da coordinación óculo-manual
Comunicación oral	-Utiliza o linguaxe oral como medio de comunicación.
As vogais-consoantes	-Recoñece e escribe as letras traballadas.
Expresión plástica	-Comunicase a través da súa expresión plástica con diferentes técnicas.
Expresión corporal	-Ten unha boa coordinación de movementos.
As novas tecnoloxías	-Goza cas actividades propostas.
Lingua inglés	-Participa nas diferentes actividades de inglés.
A expresión relixiosa	-Participa nas actividades propostas.
Manifestación de actitudes polas actividades propostas	-Adquire hábitos responsables de traballo.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global, continua, significativa e formativa. Que recolle os aprendizaxes mais significativos e mínimos que debe alcanzar o alumn@ para o desenvolvemento integro das súas capacidades. Os criterios serán un referente para coñecer en que medida foron desenvolvidos e valorar o seu grado de iniciación.</p>
	<p>Instrumentos: Terase en conta: -Obsevacións. -Periodo de adaptación -Avaliación inicial. -Avaliación por unidades do 1º e 2º trimestre. -Avaliación final do 1º e 2º trimestre. -Colaboración familiar, na que a súa participación será mais ampla no proceso de aprendizaxe dos seus fill@s.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do curso farase mediante a obtención da media das notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións a cal se lle poderá sumar ata un punto en función do traballo realizado durante este período de confinamento.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Actividades serán orientativas, voluntarias, de coñecementos previos, para repasar e reforzar contidos traballados. -Fichas, contos, cancións, actividades educativas “on line”, xogos interactivos, proxectos, atención, plásticas, musicais .</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Tareas globalizadas dende os diferentes ámbitos propostas para continuar o proceso de aprendizaxe, desenvolvemento de aptitudes, hábitos e rutinas adquiridas. Actividades variadas de coñecementos previos para que reforcen e repasen aprendizaxes significativos e capacidades: comunicativas, autónomas, creativas, mótricas e afectivas. Comunicación: -Cas familias polo correo “Abalar”. -Cas familias polo correo “gmail”. -Cas familias-alumn@spor medio da Plataforma educativa de SM. -Comunicación a través do “Blog” da páxina web do colexio.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Materiais: Ordenador/tablet, impresora, material escolar básico, material de refugallo, material para elaborar, material para imprimir de lecto-escritura, grafomotricidad, material didactico e interáctico. Recursos: Imaxes, contos, videos, cancións, material para imprimir, recursos educativos, recursos dixitais, interactivos da plataforma SM Sonrisas, recursos didácticos de ABCOLE de SM.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Os alumnos e as súas familias serán informados en primeiro lugar empregando a plataforma abalarmobil. Tamén se empregará para informar, os distintos blogs do colexio e os correos electrónicos dos profesores.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: NOSA SRA DA ASUNCIÓN
CURSO: 6º EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA
PERSONAL, COÑECEMENTO DO ENTORNO, LINGUAXES:
COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Mínimos de Infantil.**
- 2. Avaliación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.**
- 4. Información e publicidade.**

1 CRITERIOS MÍNIMOS

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e aceptar a súa propia identidade. - Recoñecer e nomear as distintas partes do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as normas sociáis básicas. - Recoñecer as propiedades dos obxetos: cor, forma, tamaño... - Recoñecer os números ata o nove e o cero. Cardinaís e ordináis. - Realizar secuencias de tres viñetas. - Realizar seriacións de tres elementos. - Coñecer situacións espaciaís e nocións temporáis básicas. - Saber orientarse no espacio de xeito básico. - Recoñecer o medio social e cultural ao que pertence. 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con claridade. - Comprender ordes. - Discriminar os distintos sons, fonemas e pictogramas. - Coordinar o movemento ollo-man. - Adquirir nocións de direccionalidade: arriba-abaxo, esquerda-dereita. - Controlar a grafomotricidade básica. - Coñecer e representar o esquema corporal. - Expresarse basicamente na linguaxe plástica e musical. - Participar en actividades de dramatización e expresión corporal. - Seguir instrucións e comprender globalmente mensaxes oráis e sinxelos en inglés.
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: ASUNCIÓN CURSO: 6º DE E.I. MATERIA: GLOBALIZADO

2. Avaliación

Avaliación	Consideracións: A avaliación nesta etapa, ten un carácter globalizado e fexible. Estas dúas características son as que consideramos fundamentais para que os criterios mínimos que se recollen na páxina 10 da programación e anteriormente expostos no apartado un deste documento, sexan apropiados a pesar das circunstancias; xa que nos permiten adaptalos as particularidades do noso alumando e as diferentes realidades nas que se atopan causadas por esta situación excepcional.
	Instrumentos: O principal instrumento de avaliación é a observación directa e sistemática. Debido a presente situación, estase a realizar mediante o intercambio de actividades coas familias. As canles que facilitan a comunicación son a plataforma de Abalar, o blog “O lar de Infantil” , a plataforma propia do método <i>Sonrisas</i> da editorial SM e un correo electrónico que se lles foi facilitado. As familias, de xeito voluntario, envían diferentes tipos de arquivos para que podamos valorar a evolución dos nenos e nenas (vídeos, fotos, audios, etc). Evidenciando que continúan en contacto con actividades de carácter formativo, beneficiosas para o seu desenvolvemento académico e persoal.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<p>Actividades</p>	<p>Características: Realizáronse actividades fundamentalmente de carácter lúdico e voluntario co obxectivo de reforzar os contidos que se foron introducindo ao longo do curso.</p> <p>Organización e horario:</p> <p>Entre as 9 e as 10 da mañá se lles envía diariamente un aviso as familias través da plataforma Abalar indicando as propostas diarias. Para o plantexamento das mesmas, teremos como <i>marco de referencia</i>, a programación de aula.</p> <p>Luns: Lectoescritura. Facilitar a través da plataforma de SM os recursos da letra na que nos centraremos esa semana (vídeos de elaboración propia, lecturas, mostras de escritura, etc) e a proposta de psicomotricidade semanal.</p> <p>Martes: Lóxica-matemática. Tendo como marco de referencia a programación, facilítaselles diferentes recursos para traballar este ámbito. Centrándome semanalmente nun só aspecto. Os recursos son diversos: documentos de carácter informativo para as familias con ideas de cómo levar a cabo actividades de carácter manipulativo, vídeos, actividades propias do entorno dixital de <i>Sonrisas</i>, etc.</p> <p>Mércores: Proporcionar recursos variados centradas no conceptos propostos semanalmente e unha proposta musical.</p> <p>Xoves: Proporcionar recursos variados dos conceptos propostos e unha proposta de educación artística.</p> <p>Venres: Proporcionar recursos variados dos conceptos propostos semanalmente e unha proposta para traballar as emocións.</p> <p>Esta organización está suxeita a variacións derivadas da metodoloxía propia de esta etapa.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>As actividades propostas son variadas co obxectivo de que a totalidade do alumnado poda seguir reforzando os conceptos aínda que non conte cos medios tecnolóxicos axeitados. Un dispositivo móbil é suficiente para poder conseguir a comunicación coa titora e facer un seguimento das distintas actividades propostas. A plataforma de SM, que conta diferentes recursos de carácter interactivo e que facilita o achegamento dos recursos de elaboración propia do profesorado, conta cunha APP para instalar nos distintos dispositivos.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Pola situación extraordinaria na que nos atopamos, a parte das actividades de carácter interactivo, procuramos que a totalidade das actividades propostas podan realizarse con materiais cos que podan contar no seu fogar: un caderno, folios, vasos, pinturas, etc.</p>

1. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Os alumnos e as súas familias serán informados en primeiro lugar empregando a plataforma abalarmobil. Tamén se empregará para informar, os distintos blogues do colexio e os correos electrónicos dos profesores.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

